

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 30 DE DECEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

- D^a. María Jesús Novo Gómez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luis Rico Vereá
- D. José Luis Rivas Cruz
- D^a. Raquel Val Vázquez
- D^a. Ana Ledo Fernández
- D^a. Sandra Sánchez Íñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Carmen Gómez Otero

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as vinte horas do día trinta de decembro de dous mil quince, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo á presidencia do alcalde D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Carmen Gómez Otero.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións seguintes: sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 29/10/2015, e sesións extraordinarias do Pleno da Corporación de datas 26/11/2015 e 14/12/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

Intervén a concelleira do grupo municipal PSDG-PSOE, Dona D^a. Sandra Sánchez Íñiguez, que quere aclarar que non quere que conste a palabra “abandono” na acta.

Intervén a concelleira do grupo municipal do BNG Dona Raquel Val Vázquez para facer constar que en relación á devolución da paga extra, quere que conste “ Onde estaban os xuros xerados por eses cartos?”.

Intervén por último o concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz que fai constar que con respecto ao leite quere que conste en acta “ Estase a facer o mesmo que no 2003, que se deron esmolos para calmar os ánimos polo desastre do Prestige”.

Logo de facer constar as ditas aclaracións ás actas e solicitar que se rectifique nese senso

O Pleno da Corporación por unanimidade, **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións seguintes: sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 29/10/2015, e sesións extraordinarias do Pleno da Corporación de datas 26/11/2015 e 14/12/2015.

2.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS ANUALIDADE 2016

Pola Secretaria dáse lectura ó ditame da Comisión informativa permanente especial de contas que foi emitido en sesión extraordinaria de data 28/12/2015 relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

“Sen máis intervencións a Comisión Informativa Permanente Especial de Contas, con dúas abstencións; unha da concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE, e outra do concelleiro do BNG, e dous votos a favor ; un do Sr. Alcalde- Presidente e un do membro non adscrito, ditaminou favorablemente o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2016 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de **(2.465.658,62€)**, así coma, toda a documentación e anexos a el incorporados (plantilla, bases de execución ...entre eles), asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	1.304.551,20
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	732.260,14
Cap. 3	Gastos financeiros	2.000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	23.000
Cap. 6	Inversións reais	403.847,28
Cap. 7	Transferencias de capital	---
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
TOTAL GASTOS		2.465.658,62

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	338.619,80
Cap. 2	Impostos indirectos	15.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	805.490,01
Cap. 4	Transferencias correntes	941.056,26
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Enaxenación de inversións reais	---
Cap. 7	Transferencias de capital	364.992,55
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
TOTAL INGRESOS		2.465.658,62 €

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2016, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal.

Plantilla:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

- 1.-0.-Traballador/a social.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.
- 1.-0.-Animador deportivo.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Conductor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-1.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.

- 8.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas 1 / 6 completa / 1 completa medio ano
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 1.-Normalizadora lingüística .- Xornada completa
- 3.- Mestras PAI .- 3 xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- Xornada completa
- 1.- Pinche.- Xornada completa
- 16.- Auxiliares Residencia Centro de día.- Xornada completa
- 1.- Conductor/a acompañamento
- 1.- Peón reforzo servizos
- 2.- Socorristas
- 1.- Director/a mini-residencia

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** A primeira tenente de Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.
- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.
- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2016 con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai

referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

Polo Alcalde expónse a continuación a Memoria da Alcaldía dos Orzamentos municipais para o exercicio 2016, en cumprimento do ordeado polo artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz que intervéñ para preguntar por qué se pasa na política de gasto 161 de 3000 a 6000 euros?. Quedouse corta a partida. O Alcalde afirma.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz intervéñ de novo e sinala que a partida de alumeadado público agotarase se continúan poñendo farolas. A primeira tenente de Alcalde intervéñ para afirmar que se incrementa a partida porque o consignado no exercicio 2015 non chegou.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz trata o tema dos salarios “Os salarios que se cobran neste Concello son dispares. Metédelle mao. As 16 auxiliares cobran 12.000 euros brutos e ao pinche non sei se lle paga a pena vir a traballar. Hai que empezar a pagar ben por abaixo”. “En canto ao Festival da Luz, con 50.000 euros monto un festival da Luz en Boimorto”.

Intervén a primeira tenente de Alcalde para dicir que se está estudando un convenio para igualar os salarios dos traballadores, dentro do posible e das dotacións orzamentarias existentes no novo orzamento. Sinala que non entende as nóminas do persoal de axuda a domicilio e non pode entender por qué non cobran igual. “Creo que se adaptaban os salarios en función das subvencións, o que provocou situacións moi dispares e inxustas”.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz que se interesa porque o Concello solicite o PAI para facer unha ampliación da residencia en condicións.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que “...cando saian as Bases do Pai, lerémolas e estudaremos, porque nestes momentos o Concello ten aprobado un PEF que nos limita en materia de préstamos”.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra á concelleira do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo Fernández que intervéñ para dicir que “...para ter gastos o Concello debe contar con ingresos...”.

Entende que existe unha previsión incrementada na taxa por servizos educativos, isto é, no PAI, porque o mesmo conta con 13 menos, dos 20 que había antes. Ademais entende que as previsións de ingresos na residencia non son realistas. Con respecto aos gastos afirma que “... Os gastos de persoal pasan dun 45% a un 52%, algo que temos que ter coidado porque para incrementar estes gastos temos que ter ingresos con qué sostelos. Ademais, cando hai desequilibrio entre ingresos e gastos porque se incumpre a regra de gasto hai que aprobar os orzamentos con superávit, e neste caso non se cumpriu...”.

Intervén a primeira tenente de Alcalde que replica que o PAI conta xa con 20 nenos e non con 16, e ademais os ingresos da residencia incrementábase de acordo coas previsións en relación á ampliación e ao Informe económico-financeiro suscrito pola Directora da Residencia, que é de onde se obteñen esas previsións.

A continuación a Secretaria do Concello solicita a palabra ao Sr. Alcalde-Presidente que a concede. A Secretaria explica que no caso de incumprimento da regra do gasto, o Concello ten a obriga de aprobar un Plan Económico Financeiro cun horizonte temporal de dous anos. Os orzamentos teñen que aprobarse

obrigatoriamente con superávit cando o remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio anterior é negativo, todo iso por imperativo legal.

Sen máis intervencións, por maioría absoluta, con seis votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, e un voto a favor do membro non adscrito, e cinco votos en contra; tres dos concelleiros do grupo municipal do PSDG-PSOE, e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2016 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de **(2.465.658,62€)**, así coma, toda a documentación e anexos a el incorporados (plantilla, bases de execución ...entre eles), asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap. 1	Gastos de persoal	1.304.551,20
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	732.260,14
Cap. 3	Gastos financeiros	2..000,00
Cap. 4	Transferencias correntes	23.000
Cap. 6	Inversións reais	403.847,28
Cap. 7	Transferencias de capital	---
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
TOTAL GASTOS		2.465.658,62

Estado de ingresos		
Cap. 1	Impostos directos	338.619,80
Cap. 2	Impostos indirectos	15.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	805.490,01
Cap. 4	Transferencias correntes	941.056,26
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500,00
Cap. 6	Enaxenación de inversións reais	---
Cap. 7	Transferencias de capital	364.992,55
Cap. 8	Activos financeiros	---
Cap. 9	Pasivos financeiros	---
TOTAL INGRESOS		2.465.658,62 €

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2016, tal e como son presentadas.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal.

Plantilla:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

- 1.-0.-Animador deportivo.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Conductor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-1.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1.-Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.

- 8.-Auxiliar Axuda a domicilio.-Xornada 25 horas 1 / 6 completa / 1 completa medio ano
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 1.-Encargado do Xulgado de Paz.-Media xornada
- 1.-Normalizadora lingüística .- Xornada completa
- 3.- Mestras PAI .- 3 xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 1.- Conductor autobús .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- Xornada completa
- 1.- Pinche.- Xornada completa
- 16.- Auxiliares Residencia Centro de día.- Xornada completa
- 1.- Conductor/a acompañamento
- 1.- Peón reforzo servizos
- 2.- Socorristas
- 1.- Director/a mini-residencia

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- **Retribucións:** A primeira tenente de Alcalde desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- **Asistencias:** Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- **Indemnizacións:** Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2016 con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación

dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

3.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC Nº 18/2015 SUBEXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 3/2015

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa permanente especial de contas que foi emitido en sesión extraordinaria de data 28/12/2015, relacionado con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

DITAME DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS (SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 28/12/2015): APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC Nº 18/2015 SUBEXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 3/2015

Visto o informe de secretaria intervención que consta no expediente de data 22/12/2015 en relación coa transferencia de crédito 3/2015.

Visto que hai crédito nas partidas 920.13002, 920.15100, 920.13001, 231.13001, 161.130,01, 163.13001, 165.13001 e 326.48900 sen utilizar e sendo necesario dotar de crédito as partidas citadas para atender os gastos derivados de subministración de enerxía eléctrica para alumeadado público, instalacións e outros, así como, incrementar o crédito acordado no pleno 08/09/2015 destinado a subvencións para o apoio á natalidade coa finalidade de atender a totalidade de solicitudes presentadas. Sen máis intervencións a Comisión permanente especial de contas con dous votos a favor; un do Sr. Alcalde- Presidente e outro do membro non adscrito, e dúas abstencións; unha da concelleira do grupo municipal PSDG-PSOE e outra do concelleiro do grupo municipal do BNG, ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación de crédito transferencia de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
165.22100	Subministro enerxía eléctrica alumeadado público	5.381,87€
342.22100	Enerxía eléctrica polideportivo, campo de fútbol, piscina	4.813,91€
231.22100	Enerxía eléctrica minirresidencia	4.804,22€
231.48000	Asistencia social primaria Familias e institucións de fins de lucro	400 €
	TOTAL EN AUMENTO	15.400€

En diminución:

PARTIDAS EN DISMINUCIÓN

Partida Presupostaria		Importe Euros
920.13002	Outras remuneracións RPT	-8.496€
326.48900	Servizos complementarios educación. Outras transferencias	-400€
920.15100	Administración Xeral. Gratificacións	-1.746,25
920.130.01	Administración Xeral. Horas extraordinarias	-688,80 €
231.13001	Asistencia social primaria. Horas extraordinarias	-2.500 €
161.130.01	Abastecemento domiciliario de auga. Horas extraordinarias	-1000 €
163.13001	Limpeza viaria. Horas extraordinarias	-500 €
165.130.01	Alumeado público. Horas extraordinarias	-68,95 €
	TOTAL DISMINUCIÓN	-15.400€

SEGUNDO.- Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Sen máis intervencións, por maioría absoluta, con seis votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, e un voto a favor do membro non adscrito, e cinco votos en contra; tres dos concelleiros do grupo municipal do PSDG-PSOE, e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación de crédito transferencia de crédito que a continuación se indica, na que as cantidades deberán ser aplicadas ás partidas ás que se refire a providencia que motivou o expediente e que son:

PARTIDAS EN AUMENTO		
Partida Presupostaria	Denominación da Partida	Importe Euros
165.22100	Subministro enerxía eléctrica alumeado público	5.381,87€
342.22100	Enerxía eléctrica polideportivo, campo de fútbol, piscina	4.813,91€
231.22100	Enerxía eléctrica minirresidencia	4.804,22€
231.48000	Asistencia social primaria Familias e institucións de fins de lucro	400 €
	TOTAL EN AUMENTO	15.400€

En disminución:

PARTIDAS EN DISMINUCIÓN		
Partida Presupostaria		Importe Euros
920.13002	Outras remuneracións RPT	-8.496€
326.48900	Servizos complementarios educación. Outras transferencias	-400€
920.15100	Administración Xeral. Gratificacións	-1.746,25
920.130.01	Administración Xeral. Horas extraordinarias	-688,80 €
231.13001	Asistencia social primaria. Horas extraordinarias	-2.500 €
161.130.01	Abastecemento domiciliario de auga. Horas extraordinarias	-1000 €

163.13001	Limpeza viaria. Horas extraordinarias	-500 €
165.130.01	Alumeado público. Horas extraordinarias	-68,95 €
	TOTAL DISMINUCIÓN	-15.400€

SEGUNDO.- Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

4.- PROPOSTA FORMATIVA PARA O CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE CURTIS

Sométese a ditame do Pleno da Corporación a proposta que a continuación se transcribe:

“(…) PROPOSTA FORMATIVA PARA O CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE CURTIS.

“ANTECEDENTES

1 A situación da crise actual en Galicia, e especialmente no medio rural require dunha reordenación da oferta educativa que garanta o equilibrio territorial e as oportunidades profesionais da nosa poboación. Esta premisa provocou que no mes de outubro e novembro de 2015 se establecesen varias xuntanzas entre por un lado, os representantes dos concellos de Aranga, Boimorto, Curtis, Frades, Mesía, Sobrado e Vilasantar, concellos aos que o centro de formación profesional de Curtis da servizo. E por outro, a directiva do centro, ANPA, representantes do Concello de Curtis e a orientadora laboral municipal.

2. Acordouse por consenso solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adaptar a oferta formativa do Instituto de Curtis ás demandas do mercado laboral actual. Para o cal, se determinou solicitar os seguintes ciclos formativos:

- Familia profesional: Servizos Socioculturais e á comunidade: “Atención a persoas en situación de dependencia”.
- Familia profesional: Transporte e mantemento de vehículos: “Carrozaría” e “Electromecánica de maquinaria”

3. Anexo: Proposta formativa para o centro de formación profesional de Curtis.

Por esta alcaldía propónse ao Pleno:

1.- Primeiro.- Apoiar a solicitude dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2.- Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde, Gonzalo Concheiro Coello para actuar en nome e representación do Concello de Boimorto en todas aquelas xestións relacionadas.

(…)”

Sen máis intervencións, por unanimidade, coa matización no sentido do voto expresada polo concelleiro do grupo municipal do BNG Don Xosé Luis Rivas Cruz “Pediría unha contrapartida: que nos posibilitasen facer cursos de capacitación profesional para obter o certificado de profesionalidade. O meu voto polo tanto está condicionado a isto”, o Pleno da Corporación ACORDA:

1.- Primeiro.- Apoiar a solicitude dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2.- Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde, Gonzalo Concheiro Coello para actuar en nome e representación do Concello de Boimorto en todas aquelas xestións relacionadas.

5.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 24/10/2015 a 28/12/2015, número 549 a 628.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún membro desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teñá cabida no punto de rogos e preguntas. Non se presenta ningún asunto.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz que formula os seguintes rogos:

“ A acera de diante da residencia está averiada. Hai que arranxala”.

“ Outro caso sangrante é o de Isabel que malvive. Está facendo un servizo aos gandeiros”.

“ Necesitan alumeado de nadal na Residencia”.

“ Hai que facer a ordenanza que regula os lodos e a depuradora”

A continuación formula as seguintes preguntas:

“Quero saber se se mandaron os acordos das mocións dos últimos plenos”.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra á concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Raquel Val Vázquez que formula os seguintes rogos:

“ Están sucias as ventanas da Residencia. Hai que limpalas”.

“ Na fonte da gándara hai moitas follas acumuladas”.

“ Hai unha pista na Viladóniga que ten a cuneta tupida. Se se pode arranxar”.

“ Hai unha cabina sen teito e papeleira tirada nos Anxeles”.

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra á concelleira do grupo municipal do BPSDG-PSOE Dona Sandra Sánchez Íñiguez que formula os seguintes rogos:

“ Se se vai a arranxar a carretera de Boimil, e Sendelle”.

“O ximnasio habería que trasladalo. É necesario poñer adornos na Residencia e facer algún tipo de actividade alí”.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:34 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A SECRETARIA,

O ALCALDE,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello